



## DELEGACIÓN EPISCOPAL DE APOSTOLADO SEGRAR

Vázquez Varela 54, sala san Roque, 36204 -VIGO

Tlf.: 660 257 548 / [xanxog@hotmail.com](mailto:xanxog@hotmail.com)

Vigo, 15 de maio de 2020

### **A atención dos párrocos, axentes de pastoral e responsables de movementos apostólicos.**

Benqueridos irmáns e amigos no Señor: O vindeiro día 31 de maio, con motivo da **solemnidade de Pentecostés**, celebraremos a **Xornada da Acción Católica e o Apostolado Segrar**. Unha celebración que viviremos no medio da situación difícil e complicada pola que estamos a pasar todos. Por unha banda, a ameaza do coronavirus sobre nós, as nosas familias, comunidades e sobre toda a humanidade, e por outra, a dor dos que nas propias carnes sufriron os efectos do contaxio, a morte de tantos seres humanos e as súas familias rotas pola dor, e as consecuencias cada vez máis alarmantes da situación socioeconómica que afecta a tantas familias, conmóvennos e ata desalientan... Pero tamén, o esforzo e sacrificio do persoal sanitario, o servizo ao ben común das forzas de seguridade, a xenerosidade de tantos voluntarios -particularmente de Cáritas- que redobraron esforzos para a ninguén lle falte o pan, unidos a nosa oración constante e a de toda a Igrexa, marcan un camiño de esperanza na nebulosa da dor.

A vivencia da Pascua de Cristo e a celebración da festa de Pentecostés poden ser unha magnífica ocasión para tomar forzas que animen ás nosas comunidades. O lema proposto para a Xornada deste ano polos bispos da Comisión Episcopal de Apostolado Seglar, "**Cara a un renovado Pentecostés**", é unha invitación para vencer o desánimo, a morneza ou o medo grazas á acción do Espírito Santo. Como os apóstolos queremos vivir unha renovado Pentecostés para animarnos, ilusionarnos e fortalecer o noso espírito na vida de cada día e na tarefa cristiá do apostolado.

O **Congreso de Laicos**, celebrado en Madrid no pasado mes de febreiro, foi unha boa experiencia deste renovado Pentecostés. Un encontro que puxo á Igrexa do noso país no camiño dunha renovación pastoral, que só virá, e esa foi a experiencia do Congreso, polo camiño da sinodalidade. Que implica unha efectiva comunión da diversidade de carismas e unha efectiva corresponsabilidade de todos os membros da Igrexa, para que como os apóstolos salgamos de nós mesmos para ser homes e mulleres anunciadores da única grandeza que é a do Señor. Só polo camiño da sinodalidade poderemos facer unha igrexa máis crible e afastada do perigo da autoreferencialidade, como nos pide o papa Francisco.

Polas circunstancias que todos estamos a vivir, os materiais e as actividades da campaña deste ano son máis limitados que outros anos. Con esta carta, acompañovos o **cartel** da xornada e uns **subsídios litúrxicos** para a Eucaristía do día de Pentecostés (en castelán e en galego). Estes materiais e outros os poderedes atopar en formato dixital nas páxinas web do *Bispado* e da *Conferencia Episcopal Española*, así como no Facebook da *Delegación Episcopal de Apostolado Seglar*.

Como acto central da Xornada, o Sr. Bispo convidanos a participar na **VIXILIA DIOCESANA DE PENTECOSTÉS** que presidirá o sábado, día 30 de maio, ás 6.00 da tarde na Parroquia do Corazón de María de Vigo. Por limitación de aforo, en cumprimento coas disposicións vixentes da desescalada, tamén poderemos seguir a celebración que será emitida en directo pola canle: Youtube Parroquia Corazón de María de Vigo.

Feliz festa do Espírito, que derrame abundantemente a súa fortaleza e amor sobre todos nós, comprometidos na conversión pastoral e misioneira da Igrexa, para saír e camiñar como discípulos de Cristo ao encontro de todos. Att.

Juan José González Estévez  
Delegado Episcopal de Apostolado Seglar